



ACTA Nº 10
DA SESION DO GRUPO DE TRABALLO MIXTO ENCARGADO DO PROCESO
SELECTIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO
"MELIDE-BOIMORTO: NATUREZA NO CAMIÑO DE SANTIAGO"

Nas dependencias do Concello de Melide, sito na praza do Convento, 5, en Melide (A Coruña), sendo as 09:45 horas do día 4 de abril, reúnense:

En representación do concello de Melide, entidade promotora do obradoiro de emprego “MELIDE-BOIMORTO: NATUREZA NO CAMIÑO DE SANTIAGO” e segundo nomeamentos realizados ao efecto:

- Marta María Castro Tato, do Concello de Melide, vogal
- Ana María Vallo Camba, do Concello de Boimorto, vogal

En representación do departamento territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, segundo novo nomeamento asinado polo xefe territorial con data 28 de maio (que deixa sen efecto o nomeamento anterior):

- A. Cristina Reguera Ramos, técnico do servizo de Orientación e Promoción Laboral, presidenta.
- José Miguel Monelos Pan, técnico do mesmo servizo, secretario.

Faise constar que tódolos presentes teñen voz e voto e que a presidenta terá voto de calidade.

A finalidade desta sesión é proceder:

- Á corrección das erratas detectadas na acta anterior (nº 9).
- Á realización das relacións de candidatos para o posto a cubrir para a selección do mestre docente da especialidade AGAO0208 do obradoiro dual de emprego “MELIDE-BOIMORTO: NATUREZA NO CAMIÑO DE SANTIAGO” despois da realización das sondaxes pola oficina de emprego de Melide.
- Á elaboración do calendario de selección e á organización das citacións dos candidatos para o proceso.

Neste acto, apróbase POR UNANIMIDADE o seguinte:

PRIMEIRO-

1.-Detéctase un erro involuntario na transcripción do nome completo do obradoiro de emprego, e onde di: “FURELOS-ESPAZOS NATURAIS” debe decir: “MELIDE-BOIMORTO: NATUREZA NO CAMIÑO DE SANTIAGO”.

2.- Detéctase un erro involuntario na transcripción do código da especialidade formativa que consta na liña 16, e onde di: “AGAO0201” debe decir: “AGAO0208”

SEGUNDO.- O grupo de traballo aproba a relación de candidatos para o posto a cubrir remitida pola oficina de emprego de Melide (5 candidatos). Despois de realizar as comprobacións oportunas con obxecto de verificar que os candidatos cumplen os requisitos para os formadores que constan no



RD1375/2008 do certificado de profesionalidade AGAO0208 (incluíndo a capacitación docente), resulta o seguinte:

- | | | |
|-------------|----------------------------|--|
| - 44817132E | LÓPEZ LÓPEZ, ANA MARÍA | Excluída, non cumple requisito experiencia nin capacitación docente. |
| - 44817067A | PÉREZ SEGADE, VÍCTOR | Excluído, non cumple requisito experiencia nin capacitación docente. |
| - 47355973P | SEGADE MIRAGAYA, DIEGO | Excluído, non cumple requisito experiencia nin capacitación docente. |
| - 32441524R | TRINQUETE PRESAS, ANTONIO | Admitido |
| - 77404180A | VÁZQUEZ BARROS, INMACULADA | Admitida |

TERCEIRO.- O grupo de traballo decide que, tendo en conta a urxencia de cubrir esta praza, as fases de valoración de méritos e entrevista persoal sexan realizadas **nun único acto**, pasando todos os candidatos á fase da entrevista e polo tanto, non prexudicando esta decisión a ningún deles.

CUARTO.- Determínase que a data de realización desta selección do (entrevistas e baremación dos méritos que se especifican na Orde de aplicación e nas bases da convocatoria) terá lugar o próximo día **9 DE ABRIL DE 2019**, no edificio do Concello de Melide, sito na Praza do Convento, 5 da mesma localidade, para o que as citacións se cursarán polo concello á maior brevidade.

E sen máis asuntos que tratar tense por rematada a sesión, tras a lectura e aprobación por unanimidade da presente acta sendo ás 11:00 horas do dia 4 de abril de 2019.

A presidenta
A Cristina Reguera Ramos
O vogal
Marta María Castro Tato



O secretario
J. Miguel Monelos Pan
O vogal
Ana María Vallo Camba